

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 29 DE XANEIRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto de racionalización de órganos colexiados da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba definitivamente a modificación puntual nº 2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Barro.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da rede autonómica de Estradas de Galicia: AC-183 Sada (AC-162)-Arillo (AC-173) pq:0+000 ao 0+720, a prol do Concello de Sada.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Programa de impulso democrático da Xunta de Galicia 2015-2016.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Larouco para a execución da obra: "Saneamento e abastecemento en Seadur. Larouco (Ourense)", clave OH.532.767, por un importe de catrocentos trinta mil cento corenta e nove euros con trinta e catro céntimos (430.149,34 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material para a realización de técnicas analíticas da Xerencia de xestión integral de Vigo, por un importe de dezanove millóns oitocentos noventa e dous mil cincuenta e un euros con noventa e catro céntimos (19.892.051,94 euros) e un valor estimado de vinte e sete millóns novecentos corenta e sete mil cincocentos once euros (27,947,511,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a convocatoria pública para a adxudicación de equipamento de emerxencias a concellos de menos de 50 mil habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o novo calendario vacinal e piloto Prevenir.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS-NUTRICIONISTAS DE GALICIA

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao texto do anteproxecto de lei para a creación do Colexio Oficial de Dietistas - Nutricionistas de Galicia, como corporación de dereito público con personalidade xurídica propia.

O ámbito de actuación do colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e agrupará aos profesionais que estean na posesión do título universitario de diplomado en Nutrición Humana e Dietética ou calquera outra titulación oficial equivalente á anterior, recoñecida ou homologada pola autoridade competente.

O texto establece que o exercicio da profesión con domicilio profesional único ou principal en Galicia requirirá a incorporación ao colexio oficial cando así o estableza unha lei estatal; o que configura actualmente a colexiación como voluntaria, ao non existir unha norma estatal que estableza a súa obrigatoriedade.

A plena capacidade do colexio será efectiva unha vez que se designen os seus órganos de goberno. A partir da entrada en vigor da lei, crearase unha comisión xestora que terá un prazo de seis meses para aprobar uns estatutos provisionais nos que se regularán a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte.

Inmediatamente despois, esta asemblea disporá doutros seis meses para elaborar e aprobar os estatutos definitivos, que serán aprobados pola Xunta e publicados no DOG; e convocar eleccións aos órganos colexiais: presidente e membros da Xunta de Goberno.

Actualmente, as comunidades de Navarra, Illas Baleares, Aragón, Castela León, Valencia, País Vasco, Murcia, Andalucía, Castela - A Mancha e Cataluña xa contan con colexios profesionais de dietistas e nutricionistas, e máis recentemente, mediante a Lei 19/2014, do 15 de outubro, creouse o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Dietistas -Nutricionistas.

Polo tanto, o anteproxecto de lei que aprobou o Consello da Xunta esta mañá implementa iniciativas xa adoptadas noutros ámbitos territoriais para satisfacer as demandas dos profesionais da dietética e a nutrición, na súa función de contribuír á mellora da saúde a través da alimentación.



O GOBERNO GALEGO RACIONALIZA O MAPA DOS SEUS ÓRGANOS COLEXIADOS E AVANZA A SUPRESIÓN DE 70 DESTES ORGANISMOS

- ***O Consello de hoxe deu luz verde ao decreto de racionalización de órganos colexiados da Xunta, que suprime 58 órganos e ordena a supresión doutros 12***
- ***Ademais, neste momento atópanse en trámite parlamentario proxectos de lei que comportarán a extinción de cinco órganos máis, ascendendo as supresións a 75***
- ***O obxectivo desta norma é evitar duplicidades e axustar a Administración ás necesidades actuais, apelando aos principios de eficacia e coordinación***
- ***Como consecuencia das supresións efectuadas tamén desaparecen do ordenamento xurídico preto de 50 disposicións normativas***
- ***O decreto actualiza as estruturas orgánicas dos departamentos da Xunta e clarifica o mapa de órganos colexiados e a súa dependencia orgánica***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto de racionalización do mapa total dos órganos colexiados do Goberno galego, dentro dos principios de eficacia e coordinación que buscan evitar duplicidades e axustar a Administración autonómica ás necesidades actuais.

Con este obxectivo, elaborouse unha disposición de natureza puramente organizativa para a supresión daqueles órganos colexiados que non se consideran necesarios. Unha norma pola que se reducirán ata 70 comisións, comités asesores, observatorios e consellos creados ao longo das máis de tres décadas de vida da Administración autonómica.

Redución de órganos colexiados

O decreto consta de tres partes diferenciadas aínda que interrelacionadas entre si. Na primeira procedese á supresión directa de 58 órganos estruturados por consellerías en función do eido competencial de cada un deles, ao tempo que ordena o inicio dos trámites de supresión doutros doce.

Para iso, habíltanse os titulares dos distintos departamentos para realizar os trámites previos preceptivos para que o Consello, no prazo dun ano, aprobe os proxectos de modificacións legislativas necesarios para eliminar catro órganos que foron creados por unha norma con rango de lei, así como para aprobar catro novos decretos, a través dos cales se suprimirán outros oito órganos colexiados.

Paralelamente, os proxectos legais que se atopan nestes momentos en tramitación parlamentaria suporán a eliminación de cinco órganos máis. Coa suma destas novas supresións, no prazo dun ano o Executivo autonómico eliminará un total de 75 órganos colexiados que resultaban inoperantes e que, polo tanto, deixarán de celebrar as súas xuntanzas.



A supresión de todos estes órganos responde fundamentalmente a cinco motivos: presentan duplicidade de funcións; quedaron sen contido; xa cumpriron o fin para foron creados; non foron derogados expresamente; ou carecen de sentido por mor dos cambios producidos na estrutura da Administración autonómica.

Case 50 disposicións menos no ordenamento xurídico

Na segunda parte, para dar cumprimento ao principio de seguridade xurídica, derróganse de forma expresa preto de 50 disposicións normativas que crean e regulan os órganos colexiados que se suprimen.

Un mapa de órganos colexiados máis claro

Na terceira e última parte, modifícanse os decretos de estrutura orgánica dos distintos departamentos da Xunta, de xeito que reflectan a totalidade de órganos colexiados creados con anterioridade e a súa dependencia orgánica. Esta medida responde ao principio de claridade e transparencia que caracteriza os procesos de racionalización administrativa desenvolvidos polo Goberno galego.



A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE BARRO QUE PERMITIRÁ A ORDENACIÓN DO SISTEMA VIARIO E A CREACIÓN DE NOVOS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

- ***O obxecto da modificación puntual aprobada polo Consello é mellorar as conexións internas entre os núcleos de poboación, así como o acceso ao núcleo urbano de Santo Antoniño que exerce a capitalidade do concello***
- ***Facilitarase tamén a creación de tres novos equipamentos públicos: un centro deportivo, un centro administrativo municipal e unha residencia pública de anciáns***

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou a modificación puntual número 2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Barro, en Pontevedra.

O obxecto da modificación puntual é mellorar as conexións internas entre os núcleos de poboación, así como o acceso ao núcleo urbano de Santo Antoniño que exerce a capitalidade do concello e no cal se crearán 3 novos equipamentos públicos: un centro deportivo, un centro administrativo municipal e unha residencia pública de anciáns.

Esta modificación puntual abarca 3 ámbitos contiguos ao núcleo urbano de Santo Antoniño que teñen por obxecto:

- Valbón. Apertura de nova vía e alargamento da existente, coa finalidade de adaptar a actual estrutura viaria aos novos desenvolvementos residenciais, desconxestionando a N-550 ao conectar a capitalidade municipal cos núcleos rurais do oeste. Prevense 5 ramais de largo variable (12 a 20 metros), 2 carrís de circulación, unha beirarrúa e unha banda verde.
- Outeiro. Creación dun novo equipamento público deportivo contiguo ao núcleo urbano de Santo Antoniño, nun ámbito de 63.973,30m² de solo rústico de protección forestal que se reclasifica solo urbanizable delimitado cualificado como sistema xeral de equipamento deportivo, incorporando a ordenación detallada de 4 ordenanzas específicas: equipamentos, zonas verdes, servizos urbanos e rede viaria.


O informe da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes do 28.10.2014 acredita que a zona non presenta ningún interese forestal nin valores naturais significativos para protexer.

- Santo Antoniño. Reordénase un espazo libre público existente e créanse 2 equipamentos: un centro administrativo municipal e unha residencia pública de anciáns. Á súa vez unifícanse a aliñación da N-550.





- O Concello de Barro conta cunha poboación de algo máis de 3.700 persoas e dispón dun PXOM aprobado definitivamente o 23 de maio de 2003.



A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE SADA O TREITO URBANO DA ESTRADA AC-183 PARA QUE O MUNICIPIO POIDA EXECUTAR A ADECUACIÓN DA PRAZA DA IGREXA NOVA

- ***Este proxecto solucionará os problemas de retencións e dificultades de accesibilidade con medidas como a renovación de pavimentos ou a construción dunha glorieta para reordenar o tráfico***
- ***A praza da Igrexa Nova está situada sobre a avenida Barrié de la Maza (AC-183), no seu entroncamento coa avenida Párroco Villanueva e dúas vías que conectan o polígono das Brañas***
- ***O Consello da Xunta aprobou este cambio de titularidade recollido no convenio asinado o 14 de xaneiro pola conselleira Éthel Vázquez e o alcalde de Sada***

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá o proxecto de decreto polo que transfire a titularidade do treito da estrada autonómica AC-183 Sada – Arillo desde o Pq 0 +000 ao Pq 0-720 a prol do concello do Consello de Sada.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e o concello de Sada asinaron o pasado 14 de xaneiro un convenio de colaboración polo que a administración autonómica financiaba a maior parte (80 %) da adecuación da praza da Igrexa Nova.

De acordo co convenio, o concello poderá licitar a obra previa cesión da titularidade do treito urbano da estrada AC-183. Unha vez asinado o convenio, con este decreto do Consello da Xunta cúmprese este requirimento.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas, incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente, como é o caso destas parcelas.

A regulación deste procedemento recóllese na Lei 8/2013, de estradas de Galicia, que desde a súa aprobación no ano 2013 permitiu sistematizar e axilizar este tipo de procedementos.

A praza da Igrexa Nova está situada sobre a avenida Barrié de la Maza (AC-183), no seu entroncamento coa avenida Párroco Villanueva e dúas vías que conectan o polígono das Brañas.

Trátase dun ámbito centro-urbano de importancia na vida cotiá dos residentes na vila e dun paso case que obrigado para os visitantes. Esta zona é un punto conflictivo no eido da seguridade viaria, no que se producen retencións debido aos cruzamento e xiros existentes, situación que se ve agravada polas paradas de autobús situadas en ambas



as marxes da avenida Barrié. Esta área tamén rexistra problemas de accesibilidade e mobilidade para os peóns, dado o largo insuficiente das beirarrúas ou a existencia de vaos pouco axeitados.

As obras obxecto do convenio pretenden solventar as deficiencias descritas, polo que recollen accións como a renovación de pavimentos, mellora da accesibilidade nos percorridos peonís e a reordenación do tráfico no interior da praza mediante unha glorieta no entroncamento da avenida Barrié e Párroco Villanueva.

Estes traballos, unha vez rematados, permitirán unha maior fluidez circulatoria, desconxestionando o tráfico neste contorno, e ofrecerán unha maior accesibilidade aos cidadáns e máis seguridade, tanto de vehículos coma de peóns.

Con esta adecuación da praza da Igrexa Nova dáse resposta a unha vella demanda dos veciños de Sada, ao tempo que permite seguir avanzando na aposta da Xunta pola mellora da seguridade viaria e por garantir a calidade das infraestruturas que percorren todo o territorio galego.

A continuación, un plano co detalle do treito da AC-183 obxecto do proxecto.



O CONSELLO ACTIVA O PLAN DE IMPULSO DEMOCRÁTICO DA XUNTA DE GALICIA, POÑENDO EN MARCHA DOCE EIXOS DE MEDIDAS CORRESPONDENTES Á ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- ***O plan recolle a elaboración dunha nova Lei de transparencia e bo goberno de Galicia, que recollerá e ampliará as esixencias da vixente lei de transparencia***
- ***Introducírase maior control no réxime de incompatibilidades; regularase a actuación dos gobernos en funcións e introducírase un réxime disciplinario para sancionar os incumprimentos nas obrigas de transparencia dos altos cargos***
- ***Porase en marcha o Portal de Transparencia unificando e homologando toda a información dispoñible para facilitar o acceso dos cidadáns, e no cal se poderán presentar solicitudes de información, queixas, suxestións e observacións***
- ***O documento inclúe medidas para dotar de máis recursos de control da legalidade tanto a Administración autonómica como as entidades locais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, tal e como comprometeu o pasado martes o presidente na Cámara galega, o Programa de impulso democrático da Xunta, un documento estruturado en doce eixos que recolle as medidas que corresponderá desenvolver á Administración autonómica dentro do compromiso global do impulso democrático que situará a Galicia á cabeza en transparencia e exemplaridade das Administracións en España.

En primeiro lugar, o plan recolle a elaboración dunha nova Lei de transparencia e bo goberno de Galicia, que recollerá e ampliará as esixencias da vixente Lei de transparencia de Galicia, que vai camiño de cumprir os dez anos e da vixente Lei de incompatibilidades, que rolda xa os vinte anos de vixencia. O Estado ten aprobado unha normativa básica que se comezará a aplicar a finais deste ano, e o goberno galego irá máis alá elaborando un novo texto que sitúe a Galicia á vangarda nesta materia.

Esta nova lei contará cas achegas que os galegos queiran facer ao texto, xa que se abrirá un foro de participación cidadá no cal a cidadanía poderá facer suxestións e achegas. En marzo, integraranse nun único texto estruturado todas as propostas institucionais xunto ás que se recollan da cidadanía.

Así, ampliarase o catálogo de información que a lei estatal esixe publicar en todos os ámbitos; introducírase maior control no réxime de incompatibilidades; regularase a actuación dos gobernos en funcións, tanto nas súas limitacións como nas súas obrigas de informar aos sucesores; reforzarase o dereito de acceso á información pública e tamén haberá esixencias para os propios altos cargos do Goberno, introducindo un réxime disciplinario para sancionar os incumprimentos das obrigas de transparencia.



Na mesma liña, porase en marcha o Portal de Transparencia unificando e homologando toda a información dispoñible para facilitar o acceso dos cidadáns. Neste Portal, ademais, poderán presentarse solicitudes de información adicional e todo tipo de queixas, suxestións e observacións sobre os proxectos que se sometan a información pública. Ademais, reforzase o portal Open Data que pon á disposición dos axentes económicos información de utilidade recollida pola Xunta de Galicia.

No desenvolvemento desta nova lexislación aprobarase tamén un novo decreto regulador do rexistro de convenios da Xunta, para integrar o uso de medios tecnolóxicos neste rexistro e facelo máis transparente e accesible para os cidadáns.

Ademais, haberá mecanismos de avaliación e control interno, que comprenderán tanto o control dos contidos do portal de transparencia, asegurando que cumpre todo o tipificado na normativa básica e na autonómica, como a protocolización das obrigas establecidas polo Código ético institucional, sistematizando o control do seu cumprimento e informando del ao Parlamento de Galicia.

Novas leis dos servizos xurídicos e de financiamento de partidos políticos

Da Xunta tamén partirán outros dous proxectos de lei recollidos no compromiso de impulso democrático. En primeiro lugar, a Lei de ordenación dos servizos xurídicos do sector público autonómico, que actualizará unha norma de máis de 30 anos de antigüidade, incorporando novidades en materia de tramitación electrónica ou en materia de autoprovisión aos entes do sector público, ademais de regular con precisión os supostos de defensa letrada a persoal e autoridades públicas.

Por outra banda, o proxecto legislativo relativo á lei de financiamento de partidos políticos, que está en tramites no Consello Consultivo, en canto a Xunta o reciba, será tramitado de inmediato e remitido ao Parlamento para así lograr que Galicia sexa a primeira comunidade que non permita que os seus partidos políticos se financien con doazóns anónimas ou de persoas xurídicas.

Control das subvencións e da legalidade

Outro dos eixes do plan dá resposta a unha resolución aprobada no debate do Estado da autonomía, que instaba a mellorar o control das subvencións e bolsas para evitar a fraude. Así, integrarase entre mandato nun proxecto global de reasignación de efectivos dentro da Administración autonómica, a través do que o goberno galego estudará o dimensionamento dos cadros de persoal das diferentes unidades administrativas e, a partir de aí, elaborarse unha proposta de redistribución primando a dotación daquelas unidades con funcións de inspección, control e comprobación.

Abordaranse tamén os mecanismos de control da legalidade, neste caso no eido local, polo que, en consenso coa Fegamp, se propondrá dotar o Consello de Contas e o

Consello Consultivo da función de establecer criterios homoxéneos nos réximes contables e xurídicos das nosas entidades locais, así como modificar os decretos reguladores da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para potenciar o seu papel de asesoramento aos concellos nas súas competencias. Trátase, en definitiva, de poñer catro órganos autonómicos á disposición das entidades locais para dotalos, especialmente no caso de concellos con poucos recursos, de ferramentas moi relevantes para o seu asesoramento legal en materias delicadas.

E, por último, o plan recolle os eixes que serven como instrumentos de garantía da efectividade, nos cales destaca a formación axeitada do persoal público para responder a estas novas esixencias normativas de transparencia, de apertura de datos, de resposta ás solicitudes de información, de ética pública ou de reforzo do papel inspector e controlador, polo que a Escola Galega de Administración Pública integrará nos seus plans formativos, comezando este mesmo ano, contidos nestas materias, tanto para o persoal da Administración autonómica como para o da local.



A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 430.000 EUROS PARA AS OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN SEADUR, NO CONCELLO DE LAROUCO

- *Proxéctase a instalación dun novo depósito de 50 m³, situado a 200 metros do actual, punto desde o que partirán dúas tubaxes*
- *Renovarase a rede de saneamento mediante un total de 3.038 metros de tubaxe dividida en 18 treitos, que recollerá as augas do núcleo e conduciráas ata a estación depuradora*
- *A Xunta de Galicia, mediante a execución deste tipo de actuacións, pretende garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Larouco para a execución de obras de mellora no saneamento e abastecemento no núcleo de Seadur.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega máis de 430.000 euros para a execución destes traballos hidráulicos no citado concello ourensán, financiando a totalidade deste proxecto.

Actualmente o núcleo de Seadur abastécese unicamente da auga proveniente dun depósito regulador de 50 m³ que se atopa en mal estado. Co fin de solucionar este problema proxéctase a instalación dun novo depósito de 50 m³, situado a 200 metros do depósito actual. Deste punto partirán dúas tubaxes, a primeira en polietileno, cunha lonxitude de 196 metros, conectará o novo depósito coa tubaxe de entrada do depósito existente; a segunda será de distribución da auga a todo o núcleo, tanto nos eixos principais da rede como nos secundarios empregárase tubaxe de polietileno, cunha lonxitude total de 2.640 metros. Instalaranse tamén 12 válvulas de comporta e 15 bocas de rego-incendio.

A rede de saneamento actual tamén presenta diferentes carencias, polo que se renovará a rede mediante un total de 3.038 metros de tubaxe de PVC de 250 mm de diámetro e dividida en 18 treitos, que recollerá as augas do núcleo e conduciráas ata a estación depuradora de augas residuais (EDAR). Proxéctase a mellora do sistema de depuración mediante a instalación de dous pozos filtrantes.

Na rede de pluviais só se mellorarán os tramos onde sexa necesario, proxectándose a substitución de 6 treitos, formados por tubaxe de PVC de 250 mm de diámetro e parede compacta. A lonxitude total da tubaxe é de 640 metros.

A Xunta de Galicia, mediante a execución deste tipo de actuacións, pretende garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación. Ademais, a renovación



da rede de abastecemento evitará perdas de auga e evitará filtracións ao medio, optimizando o funcionamento da depuradora e mellorando a calidade dos recursos hídricos.



SANIDADE DESTINA 19,9 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE MATERIAL PARA A REALIZACIÓN DAS TÉCNICAS ANALÍTICAS DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE VIGO

- *O obxectivo é dispoñer dos reactivos e material necesario para o funcionamento dun sistema CORE nos laboratorios clínicos do Hospital Meixoeiro*
- *Estímanse uns aforros de 2,5 millóns de euros en catro anos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva do material necesario para a realización das técnicas analíticas da Xerencia de Xestión Integrada de Vigo por un importe de 19.892.051 euros.

O obxectivo é dispoñer de todo o material necesario para ser empregado nun laboratorio CORE (sistema de automatización total) nos laboratorios clínicos do Hospital Meixoeiro, que permita resolver de forma eficiente e cos máximos estándares de calidade os procesos preanalíticos, analíticos e posanalíticos que aplican aos espécimes e ás mostras. Ademais, integrará nun sistema robotizado único o procesamento das mostras de bioquímica, a seroloxía, a hematimetría e a coagulación.

Nova estruturación

Coa posta en funcionamento do Novo Hospital de Vigo reunificaranse, dun lado, os laboratorios existentes nos hospitais Xeral-Cíes e Meixoeiro nun único laboratorio central e, doutra banda, créase un laboratorio 24 horas no Novo Hospital, que permitirá dar resposta inmediata á demanda urxente xerada na área sanitaria.

Esta estruturación dos laboratorios permitirá acadar unha mellor e máis eficiente asignación dos recursos e unha redución do custo desta actividade. Neste eido, estímase uns aforros de 2,5 millóns de euros en catro anos.



A XUNTA DOTARÁ OS CONCELLOS GALEGOS DE TODOTERREOS, FURGÓNS, REMOLQUES E EMBARCACIÓNS DE SALVAMENTO

- ***As axudas de máis de 4,5 millóns de euros permitirán dotar as agrupacións de Protección Civil dos medios materiais necesarios para ofrecer un mellor servizo***

O Consello da Xunta informou da vindeira publicación das axudas para a adquisición de diverso equipamento de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. Grazas a esta convocatoria de axudas, os concellos estarán mellor dotados de medios para cubrir as súas necesidades, e terán o mellor equipamento para emerxencias.

Así, establécense as bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrncia competitiva, de equipamentos de emerxencias aos concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos galegos que conten con Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. Esta nova liña de axudas para os concellos que conten con Asociacións de Voluntarios de Protección Civil, cun importe de máis de 4,5 millóns de euros, cofinanciado nun 80 por cento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Feder, permitirá dotar as agrupacións dos medios materiais necesarios para ofrecer un mellor servizo beneficiando así os máis de 10.000 voluntarios e aos cidadáns dos seus concellos.

O equipamento para as emerxencias das agrupacións de voluntarios de Protección Civil está composto por 40 vehículos todo terreo tipo pick-up; 40 vehículos furgóns para transporte e loxística; 40 remolques para a atención ás emerxencias; 16 embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate; 30 espaxedores de sal adaptados a remolques ou vehículos todoterreo; e 20 remolques con carpa presurizadas para posto de mando avanzado.

Beneficiarios

Poderán solicitar este equipamento os concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos que teña unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil inscrita no rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia; que teñan presentadas as contas ás cales se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2013 no Consello de Contas de Galicia; que non teñan recibido axudas por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o mesmo fin nos últimos tres anos para o equipamento da mesma tipoloxía.



Nos casos das mancomunidades ou agrupación de concellos os servizos de emerxencia e protección civil deberán prestarse de xeito mancomunado. A presentación de solicitudes de forma conxunta e mancomunada é incompatible coas solicitudes individuais dos concellos que a compoñen.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>. o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Criterios de valoración e repartición

A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva e, para a elaboración da proposta de resolución, teranse en conta os seguintes criterios, que serán valorados segundo a graduación que en cada caso se indica, ata un máximo de 100 puntos, segundo o número de mobilizacións da AVPC constatados polo Centro de Atención de Emerxencias 112, referidas a accidentes, incendios, protección civil, salvamento e rescate, incidencias de circulación e riscos. Incentivaranse as solicitudes presentadas por mancomunidades, consorcios, agrupacións ou asociacións de concellos para a realización dun proxecto común.

Outorgarase maior puntuación segundo o ratio de número de voluntarios asegurados dedicados a protección civil por cada mil habitantes do concello. Terase en conta o risco potencial de emerxencias, estimado polo PLATERGA, e atendendo á poboación do territorio da entidade local, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, polo que se outorgará a maior puntuación ao solicitante con maior poboación e, así mesmo, atenderase á extensión do territorio da entidade local, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, e outorgarase a maior puntuación ao solicitante con maior extensión territorial.

Terase en conta a carencia de servizos de emerxencia, parques de bombeiros ou GES a mais de 20 km e a antigüidade da AVPC desde a súa inscrición no Rexistro de Asociacións de voluntarios de Protección Civil da Xunta, así como a atención da AVPC ao servizo 24 horas.

As resolucións adoptaraas o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza delegadas no director xeral de Emerxencias e Interior, tendo en conta a proposta que faga a comisión de valoración, procedéndose a súa publicación posterior no *Diario Oficial de Galicia*.



OS BOS RESULTADOS OBTIDOS POLO PROGRAMA PILOTO DE VACINACIÓN ANTIPNEUMOCÓCICA POSTO EN MARCHA NO ANO 2011 POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE INFLUÍRON PARA QUE ESTA VACINA PASE AGORA A FORMAR PARTE DO CALENDARIO VACINAL DE TODO O ESTADO

- *Tras catro anos de experiencia en Galicia, os resultados do proxecto piloto son moi positivos, acadándose unha cobertura superior ao 90 %*
- *Estímase, ademais, que tan só no primeiro bienio se evitaron, grazas a esta iniciativa, uns 400 casos, dos cales 15 terían morto e 323 terían precisado ingreso hospitalario*

O Consello da Xunta abordou un informe da Consellería de Sanidade referido ao novo calendario vacinal, logo dos acordos adoptados ao respecto na reunión do Consello Interterritorial do pasado 14 de xaneiro, en que, entre outros acordos, se aprobou a incorporación da vacina conxugada fronte ao pneumococo aos calendarios de vacinación infantil así como o adiamento aos 12 anos para a administración da vacina fronte ao virus do papiloma humano.

Cómpre sinalar que na decisión tomada polo Consello Interterritorial sobre a incorporación da vacina fronte ao pneumococo influíron considerablemente os bos resultados obtidos polo programa piloto de vacinación antipneumocócica que Galicia puxo en marcha no ano 2011, sendo, deste xeito, unha comunidade pioneira neste tema.

Tras catro anos de experiencia en Galicia, os resultados do proxecto piloto son moi positivos, acadándose unha cobertura superior ao 90 %, concretamente un 93,4 %. Estímase, ademais, que tan só no primeiro bienio se evitaron, grazas a esta iniciativa, uns 400 casos, dos cales 15 terían morto e 323 terían precisado ingreso hospitalario. Estes casos evitados non se dan só na poboación infantil vacinada senón que, grazas ao efecto indirecto que provoca a vacina de protección ao redor do vacinado, moitos dos casos que se evitan se darían entre poboación adulta ou anciá.

Esta diminución dos casos tamén ten un impacto económico, resultado un aforro de case dous millóns de euros no bienio, grazas aos casos evitados.

Todos estes datos foron achegados á Comisión de Saúde Pública dependente do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para que considerara a súa incorporación no calendario de vacinación infantil acordado a nivel de España.

Vacina do papiloma

Respecto da vacinación fronte ao virus do papiloma humano, cómpre sinalar que forma parte na nosa Comunidade do Programa Galego de Vacinación desde o 29 de setembro de 2008, para todas as nenas galegas segundo cumplan 14 anos. O adiamento aos 12



anos, logo dos acordos do Consello Interterritorial, comezará a realizarse en Galicia a partir do 1 de xaneiro de 2016, o que dará tempo para unha correcta implantación da medida desde o punto de vista loxístico. Así, vacinaranse a todas as rapazas que fagan os 12 anos a partir do 1 de xaneiro de 2016, ao tempo que se vacinan todas as que cumpran 14 anos a partir desa data. Deste xeito, durante os anos 2016 e 2017 estaríanse vacinando dúas cohortes de nenas, e en 2018 xa só se vacinarán as que fagan os 12 anos.

Esta baixada na idade asegura, entre outras cuestións, a vacinación antes do inicio das relacións sexuais, momento en que a vacina é máis eficaz e proporciona o seu maior beneficio, e facilita acadar unha maior cobertura.

